

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**15122** *Real decreto 1130/2010, do 10 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e o tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2009/143/CE do Consello, do 26 de novembro de 2009, pola que se modifica a Directiva 2000/29/CE no relativo á delegación das tarefas de ensaios de laboratorio, posibilita, dado que estes ensaios exigen unha gran variedade de custosas instalacións técnicas e persoal de laboratorio moi especializado, a delegación, ademais de en persoas xurídicas responsables exclusivamente de funcións públicas específicas, en persoas xurídicas que non reúnan esta exigencia, sempre que cumpran determinadas condicións.

Procede, portanto, a súa incorporación ao noso ordenamento a través da correspondente modificación do artigo 2 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de setembro de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O número 1.g) do artigo 2 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, substitúese polo seguinte:

«g) Organismos oficiais responsables:

1.º O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, respecto aos intercambios con países terceiros e respecto das funcións que se indican no artigo 1.5 deste real decreto e o disposto no capítulo II do título II da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

2.º Os órganos competentes das comunidades autónomas nos restantes casos.

Os organismos referidos poderán delegar as súas funcións, que se deberán realizar baixo a súa responsabilidade e control, en toda persoa xurídica, de dereito público ou privado, sempre que a dita persoa xurídica e os seus membros carezan de intereses particulares no resultado das medidas que adopten, e que as ditas persoas sexan ou estean designadas ou recoñecidas, conforme os seus estatutos oficialmente aprobados, como responsables exclusivamente de funcións públicas específicas, con excepción dos ensaios de laboratorio que poidan realizar aínda que non formen parte das súas funcións públicas específicas.

Non obstante o anterior, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ou as comunidades autónomas poderán delegar os ensaios de laboratorio nunha persoa xurídica que non cumpra co disposto no parágrafo anterior.

En todos os casos, só se poderán delegar os ensaios de laboratorio se o organismo oficial responsable de que se trate garante, ao longo do período de tempo correspondente á delegación, que a persoa xurídica en que delega os ensaios de laboratorio pode asegurar a imparcialidade, a calidade e a protección da información confidencial e que non existen conflitos de intereses entre o exercicio das tarefas que lle foron delegadas e o resto das súas actividades.

As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os organismos competentes e as posibles delegacións de funcións, para a súa comunicación á Comisión.»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/143/CE, do Consello, do 26 de novembro de 2009, pola que se modifica a Directiva 2000/29/CE no relativo á delegación das tarefas de ensaios de laboratorio.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 10 de setembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA